



MOBILIDADE ACADÉMICA DO ALUMNADO

Normativa aplicable: Orde do 21 de novembro de 2016, Artigos 21, 22 e 23

De acordo co establecido no artigo 6 do Real decreto 1614/2009 do 26 de outubro, modificado polo Real Decreto 21/2015 do 23 de xaneiro, o crédito ECTS como medida do haber académico do alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Música na Comunidade Autónoma de Galicia, garante a súa mobilidade académica entre centros de ensinanzas artísticas superiores da propia Comunidade Autónoma, entre centros de Ensinanzas Artísticas Superiores doutras Comunidades Autónomas do Estado español e entre centros de Ensinanzas Artísticas Superiores no Espazo Europeo da Educación Superior.

Prazos:

O traslado de expediente académico dende un centro de dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia deberá solicitarse antes dos quince días naturais anteriores ao sinalado como comezo do curso segundo o calendario escolar.

Documentación a presentar:

- Traslados de expedientes entre Conservatorios Superiores de Música da Comunidade Autónoma de Galicia: presentarse a solicitude segundo modelo establecido ao efecto, copia compulsada do DNI e certificación oficial do expediente académico (**documento orixinal ou copia compulsada**)
- Traslados dende outra administración educativa do Estado español ou de un centro oficial de Ensinanzas Artísticas Superiores integrado no Espazo Europeo de Educación Superior: presentarse a solicitude segundo o modelo establecido ao efecto, achegando certificación académica oficial dos estudos cursados en que conste a norma que establece o plan de estudos cursado e as cualificacións obtidas, en idioma castelán.

Os alumnos que soliciten praza en 1º curso para iniciar os seus estudos musicais superiores, deberán aportar un certificado de ter superado a proba de acceso específica, no que conste a cualificación obtida en cada parte da proba de acceso específica.

Os documentos presentados deberán ser orixinais ou copias compulsadas.

Resolución das solicitudes:

Os traslados de expediente estarán suxeitos á existencia de prazas vacantes no centro, sendo competente o Consello Escolar do mesmo para resolver a súa admisión de acordo cos criterios que este establece. As solicitudes ordearanse conforme aos seguintes criterios, acordados en reunión ordinaria do Consello escolar o 14 de xuño de 2017:

- Terán prioridade os/as alumnos/as que superaron a proba de acceso ás Ensinanzas Superiores de Música no curso ó que queren acceder e non obtiveron praza no centro ó que realizaron o acceso. Neste suposto, terá preferencia o/a alumno/a que obtivese maior cualificación na proba de acceso específica.
- Alumnado que accede a outros cursos que non sexa 1º en primeira matrícula: por orde de preferencia de curso máis baixo a curso máis alto. En caso de empate, terá prioridade o/a alumno/a que teña maior nota media no seu expediente académico.